

Anos cincuenta no Val do Salnés

Carlos BALIÑAS FERNÁNDEZ

Cando un se compromete a escribir sobre unha persoa morta, síntese libre porque esa persoa xa non nos vai ler e tampouco pode actuar no futuro de tal xeito que nos faga arrepentir do que digamos agora. A cambio desa liberdade, estamos comprometidos a dicir máis ca esas catro anécdotas que viñamos dicindo se nos referíamos a el en vida del. Antes pertencía á vida aínda en marcha: agora xa pertence á historia. Agora estamos comprometidos a facer un xuízo máis serio e descubrir o cerne da súa persoa, tal como cada quen o viu. Escribir sobre dun morto ten algo de gravar a súa imaxe nunha moeda.

Para min Herminio Barreiro é aínda agora aquel mociño de hai cincuenta anos cando nos coñecemos na fermosa Terra do Salnés, concello de Ribadumia, hoxe zona semiurbá, daquela aínda comarca agrícola e toda ela paisaxe. Paisaxe de parras, de leiras de millo, de piñeirais entre cultivos e dun río nugallán, o Umia, que se esfrangulla en meandros antes de se entregar ao mar de Arousa en Castrelo.

As circunstancias do como nos coñecemos veñen ser un documento de época. Daquela era moito máis difícil do que hoxe o ascenso social desde o rural ao urbano e desde as clases baixas (clase obreira, campesinado e artesanado) á burguesía. O fillo de labregos terminaría labrego e o fillo de obreiro, obreiro. Non había becas. Para un mociño residente no rural, aínda se o desexase, facer unha carreira universitaria maior quedaba fóra das súas posibilidades económicas, a menos que se tratase do fillo dun médico ou dun aldeán rico e con cultura dabondo para estimar a cultura.

Pero había unha clase de persoas que, traballando entre aldeáns ou entre obreiros, non eran nin aldeáns nin obreiros. Refírome a mestres, funcionarios da administración, oficinistas. Nesas familias falábase castelán. Os seus fillos, que probaran o valor dunha maior cultura, desexaban manterse no status familiar e non querían facerse labregos. Non podendo os pais pagarlles a estadia na cidade (máis a matrícula e os libros), matriculábanse por libre no Instituto de segundo ensino ou na Escola de Maxisterio da cidade próxima. O entorno rural non os estimulaba, pero con sorte e tempo, repetindo curso, esgotando convocatorias e remendando en setembro os descosidos de xuño, cabía que chegasen a bachareis ou mestres e desempeñasen algunha profesión de gravata.

Un destes mociños da zona de Ribadumia era Herminio Barreiro, fillo de mestres, aínda que o pai, expulsado do ensino por motivos políticos, gañábase a vida como contable dunha empresa en Cambados.

Nunha época en que miles de nenos corrían cara os seminarios e conventos, tiña que haber e había un considerable número de ex-seminaristas. Tamén estes tentaban de non volver ao arado ou ao taller dos seus pais. Eu era un deles. Procedía dunha familia labrega, aínda con menos probabilidades de me achegar a un status de cultura do que o meu amigo. Daquela para os labregos un título de mestre era case un título nobiliario. Pero os meus familiares cismaran con que eu non fose labrego como eles e colleran para min o atallo da Igrexa. Sen embargo, neste intre inmediatamente antes de me topar co meu amigo, acababa de tirar pola ventá aquel porvir, para desespero da miña familia. Canto máis vello son, máis agradezo a enorme sorte de ter sido educado nun centro relixioso, porque aí coñecín a experiencia relixiosa e recibín unha educación moral en valores absolutos. Pero daquela eu era un mozo que sentía unha curiosidade infinita de saber, quería ler de todo e desexaba probar todas as experiencias da vida. Por iso renunciara a comprometerme co sacerdocio.

Contado así, ese ideal de curiosidade intelectual soa moi fermoso; na realidade implicaba sacrificios e un futuro moi problemático. Ser ex-seminarista na época do Nacional-catolicismo non era negocio. A xente daba por suposto que traizoaras unha vocación por non resistir a castidade ou a dura disciplina do seminario. Os estudos eclesiásticos non tiñan daquela recoñecemento oficial. A min por unha ducia de anos de estudo, entre eles unha licenciatura en filosofía, recoñecéronme soamente os seis cursos de Bacharelato. Se quería ter o título de bacharel tería que aprobar o exame de Reválida, e se quería facer unha carreira universitaria tería que cursar antes o chamado daquela PREU (=preuniversitario). Só aos 24 anos puideron iniciar a carreira de Filosofía.

Nese entreacto en espera de me matricular na Universidade se conseguía unha beca, e para non ser carga excesiva para a miña familia, daba algunhas clases de latín a ese tipo de mociños que antes describían. Ao tempo que gañaba unhas pesetas, valíame deles para que me introduciran nos costumes e na escala de valores da sociedade laica na que agora estaba metido.

Foi por converxencia desas dúas situacións polo que unha tarde chegou a visitarme Herminio (se cadra acompañado polo pai) á casa parroquial de Ribadumia, onde eu residía, para concertar unha "pasantía" de Latín a fin de lle axudar a aprobar xa non lembro se a Reválida ou o acceso á Universidade. O latín era daquela, canda as Matemáticas, unha materia chave e, se lle resultaba difícil a calquera, non ía interesar moito a mociños que vivían nun medio rural, onde os temas de interese eran os prezos das cousas, as películas que se proxectaban cada domingo no cine veciño, os bailes e os namorisqueos. A partir de entón viría unhas cantas tardes por semana para darme e darlle eu a correspondente lección sobre declinacións, verbos irregulares e "deponentes" e regras do "Raimundo de Miguel", como aquela que rezaba: "Los en un sin excepción, del género neutro son". Ben logo, sen embargo, a relación mestre/alumno foise trocando nunha relación de amizade recíproca na que eu, que tiña algúns anos máis, cumpría o papel do amigo maior ao que se fan as confidencias sobre namoros e amoríos, tensións cos pais (que no seu caso non había), soños e proxectos cara o futuro profesional.

Os domingos saíamos cada un da súa casa en bicicleta (nalgunha ocasión nunha bici que tiña dous xogos de pedais e debíamos pedalear a compás) para xuntármolos con outros amigos no cine en Cambados ou nalgunha festa con baile nocturno. Falabamos de mozas, de namoros, pero tamén de ideais e proxectos. Ben logo me dera conta de que Herminio non era un tipo vulgar. Non buscaba no estudo soamente un medio de gañarse a vida. Era un rapaz que tiña ideais e o seu soño de entón era ser periodista. Non sei ben onde, pero o caso era que lía “España” de Tánjer, un xornal que se imprimía fora do país e sen censura ou con menos censura. Mesmo me falaba con entusiasmo dun xornalista novo ao que quería emular. Chamábase Marino Gomez Santos ou algo así. Soñaba en entrevistar a personaxes famosos da vida social, do deporte e da cultura, nun estilo máis directo e vivo ca o convencional. Unha foto mostráanos estoballados no chan, de gravata mesmo estando en pleno campo. Se se nos oíse, advertiríase que falabamos entre nós castelán a pesar de vivir entre xentes que se expresaban en galego. Falar castelán e levar decote gravata eran dous sinais de maior esixencia sobre nós mesmos. Eramos estudantes, non labregos nin obreiros. Co paso do tempo o sinal de maior esixencia sería falar galego, pero daquela aínda non chegáramos a ter esa conciencia.

Eu xa cursara na Universidade Pontificia de Comillas (Santander) filosofía e humanidades clásicas, e topar un mocíño con tales intereses nun medio social tan indiferente á cultura foi unha sorpresa. Desde aquela pasamos a falar de algo máis que das declinacións latinas e os verbos deponentes. Cando el no seu libro de memorias *Recordar doe*, evocou aqueles días de amizade, di que eu lle expoñía anacos da historia da filosofía. Non me lembro. Do que me lembro é de falarmos de literatura e de mitos e de deuses da Antigüidade. Un xornal de Vigo (daquela publicábanse dous na cidade olívica) deu a noticia de que por un terremoto se afundira no mar a illa de Itaca, a illa de Ulises. Eu tomei a noticia ao pé da letra e sendo un lector apaixonado dos poemas de Homero, compuxen para publicar nun xornal un artigo no que me laiaba da inxustiza dos deuses. Fóra de que pecaba de retórica xuvenil, o artigo non estaba mal escrito. Sen embargo, non me decidía enviálo por timidez. Asemade o veu, Herminio albiscou a ocasión de oficiar de xornalista e pedíume se lle permitía enviálo a un daqueles xornais coa firma del. Mandouno co seu nome e saíu publicado deseguida. Titulábase *Adiós a Itaca*. Moito temos rido por esta singular colaboración literaria. Foi, para os dous, a primeira vez que saímos na prensa.

Outra vez levoume a ver o lugar onde estivera agachado o seu pai durante a Guerra Civil. Non notei que daquela tivera a conciencia política que mostrou despois.

As nosas vidas separáronse no ano 1954 porque eu comecei a carreira de Filosofía e Letras en Santiago, que proseguiría en Madrid. Desde aquela soamente nos viamos nas vacacións. Fixemos xuntos o primeiro viaxe seu a Madrid en tren desde Pontevedra, pero eu marchei logo a Alemaña. Cando voltei, fun destinado a diversos Institutos de Ensino Medio e despois entrei na Universidade. Pola súa banda el viviría en Madrid, con estadias en Portugal, Cuba e Francia.

De todos modos as cartas salvaban a distancia e a amizade continuou. Desde que se popularizou o teléfono e máis tarde tamén o correo electrónico cesou isto de se escribir cartas. Antes era normal que os amigos se cartearan. Conservo unha ducia longa de cartas súas que van desde o ano 1958 deica o ano 1975¹. Están firmadas en Sisán, Madrid, Montluçon-Allier (Francia) e buscábanme a min onde estivese. Por elas podía eu seguir a súa peripecia vital, a dun mozo que desexa licenciarse en Literatura Románica, pero que, por un atranco burocrático, ten que rematar licenciándose en Pedagogía. De paso contábame a impresión que lle fixera Portugal, Cuba e Francia.

Aínda que debeu de haber máis cartas, as que conservo dan testemuño do seu itinerario espiritual-emocional. A máis antiga data do 9 de marzo de 1958 e, se cadra, é a máis interesante. Eu faláralle amiúde dos galeguistas que coñecera en Santiago e do que significaba o galeguismo como movemento cultural e patriótico. Seica a semente prendera, porque na primeira das cartas que conservo datada, como dixen, o 9 de marzo de 1958, comenta con entusiasmo que escoitara un discurso do inmenso Otero Pedrayo:

Otero Pedrayo me hizo ver cosas que yo ya sentía y amaba con pasión y con congoja en lo más íntimo de mi corazón. Hizo de poeta: descubrió [?] el germen. Porque eso es el genio: aquel que nos dice lo que ya creíamos saber. Este amador y enamorado insuperable de Galicia me hizo pensar y saber “con palabra” lo que yo amo también de mi Galicia inmortal, íntima y perdida en el arcano europeo (América es otro mundo que no debe contar para los europeos). Si yo, ya dueño de mi pensamiento, no supe amar a Galicia antes, no fue porque no la amase, sino porque la amaba sin saber.

Aquel mes de outubro fomos xuntos no tren desde Pontevedra a Madrid, onde el conectaría co grupo “Brais Pinto”. Por causas que non veñen ao caso, fomos durmir a primeira noite nunha pensión da rúa Echegaray, rúa de pensións baratas e de mala sona. O cuarto tiña tres camas e tres sillas. Ao deitarme, avisei a Herminio de que, por se acaso, agachase a carteira debaixo da almofada, como eu mesmo ía facer. Non me fixo caso e deixou a carteira na chaqueta derriba dunha silla. Contra a madrugada entrou no cuarto un terceiro inquilino que non acendeu a luz eléctrica, porque víase dabondo co alumado da rúa. Daquela o noso amigo era un chisco somnábulo e asemade o outro se deitou berrou non sei que e marchou apañar a carteira para metela debaixo da almofada. Esta vez foi o recén chegado o que colleu medo. Ao escoitar aquel berro sentouse na cama e pensando que Herminio xa lle roubara a carteira foi velo, vultou tamén coa carteira e pousouna debaixo da almofada. “Tres eran tres” e ninguén se fiaba de ninguén.

Sendo nolos dous mozos, non podían faltar noticias de amores. El contábame do seu primeiro amor, “ese pedazo de cielo que cayó por un descuido de San Pedro hace veinte años”, e preguntábame pola noiva coa que eu casaría uns anos despois. “Vosotros sí que sois uno del otro. No sé como os arreglais para transmitir esa sensación de mútua felicidad a cualquiera de vuestros interlocutores. ¿Es que teneis una telúrica especial? Decidme...”

¹ As máis delas corresponden aos anos 1958-1966. Hai unha de 1971 e a derradeira é de 1975. Unha copia foille entregada á familia. A maioría están escritas en castelán, pero hai alguha en galego.

(9-3-1958). Xa non me lembro se foi nalgunha carta das que conservo ou nalgunha das perdidas que me comunicaba que ía casar cunha muller natural de Covarrubias, e engadía con supremo humor galego: ¡Manda carallo!

O ano 1966 el xa se fixera comunista (aínda que, por suposto, non o dixese na carta) e decatábase do foxo que iso abría entre nós. O comentario que fai revela moito da súa actitude. “Ser liberal, como decía Ortega, no es una postura política sino radicalmente humana. Por eso yo, en tus antípodas ideológicas, respeto perfectamente tu postura y mantengo mi amistad hacia ti” (2-6-1966).

O ano 1975, sendo eu catedrático en Santiago, conseguín do Ministerio de Educación e Ciencia autorización para que se implantasen na Universidade de Santiago as licenciaturas de Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación. Para cubrir as prazas de profesorado buscaba galegos que andasen polo mundo adiante e quixesen voltar á súa terra. Sabía que el estaba dando clase nun colexio privado de Madrid e queimándose en loitas sindicais e, como decano da nova facultade, tiven oportunidade de lle ofrecer unha praza de Profesor Interino na Sección de Ciencias da Educación. Desde entón xa non precisábase escribirmos cartas. Co tempo faríase doutor en Pedagogía cunha tese sobre Lorenzo Luzuriaga, da que eu fun ponente.

Naqueles case vinte anos transcorridos desde que nos coñecemos na fermosa terra do Salnés, os dous cambiáramos. Herminio fixérase un fervoroso marxista, seguramente por poñer a atención nos nobres fins humanistas desta ideoloxía. Compartindo en boa medida eses ideais, eu reparaba máis ben nos medios e instrumentos e xulgaba que o comunismo non compensa co que ofrece da liberdade que quita. Estando os dous ben chantados cada quen no seu, quedaban excluídas entre nós as conversas de tipo ideolóxico, porque sería facernos feridas reciprocamente para nada. Cada un movíase agora en círculos diversos.

A pesar diso, seguiu uníndonos deica o fin a lembranza daquela amizade xuvenil na fermosa comarca do Salnés, cando aínda era soamente paisaxe e ¡que paisaxe! Cando publicou o libro de memorias *Recordar doe*, tiven a satisfacción de levalo a presentar o libro na vila de Cerdedo, que é o meu concello natal. Con esa ocasión recorreremos os lugares nos que transcorrera a súa primeira infancia, na aldea de Meilide. Conmóveume a súa exquisita sensibilidade para ter gardado na memoria ao longo de tantos anos aldeas, persoas, fontes, mesmo recantos do río que por alí pasaba.

Nunha visita que lle fixen poucos días antes da súa morte escoitei con enorme respecto a profesión de fe comunista que estaba redactando e desexaba se lese nun acto o 20 de novembro, e que se leu a tarde de lle dar sepultura ás súas cinzas. Non compartía a súa fe, pero admiraba a súa coherencia. Pola miña banda, tiven ocasión de lle regalar un libro recién publicado sobre a comarca do Salnés, onde compartíramos aquela amizade xuvenil tan beneficiosa para ambos. Ao mirar as fotos os seus ollos brillaban. Alédame pensar que o tal libro teña sido a derradeira das súas lecturas. No cemiterio de Sisán lin unhas verbas dunha carta que me dirixira cincuenta anos atrás, cando aínda falabamos entre nós castelán, e que agora transcribo como remate:

Yo no quiero decir ¡Galicia mía! con dos admiraciones, porque tengo miedo a [tener que] ir por el mundo. Pero yo sí quiero decir: Nacín nela; quero morrer nela. Y quiero morir en noviembre de no ser posible en octubre. Cerquiña del atrio [de Sisán], única tierra española que no paga tributo al Estado. Entre follas ou entre silvas, heme o mesmo (9-3-1958).

Morreu un 6 de novembro e as súas cinzas foron depositadas onde el quería.

O noso amigo foi moitas máis cousas e outros falarán deses aspectos, pero na miña memoria segue sendo aquel mociño de hai cincuenta anos que se estaba abrindo aos misterios de vida e soñaba con remontar aquel horizonte aldeán. Todo iso, naquela fermosa Terra de Salnés, cando polas estradas aínda había pouca circulación rodada e nós iamos pedaleando amodiño nas respectivas bicicletas, gozando dunha amizade limpa e dunha paisaxe engaiolante.



Co seu amigo Carlos A. Baliñas, polas terras do Salnés en 1952.